

CENTRO	CONCELLO	NOME E APELIDOS	ACCIÓN	PAÍS DESTINO	INICIO	FIN	DÍAS MANTENZA DÍAS ALOXAM. ALOC. AMPLIAT	IMPORTE DÍA MANTEN.	IMPORTE DÍA ALOXAM.	IMPORTE TOTAL MANTENZA E ALOXAM.	IMPORTE VIAXE	IMPORTE TOTAL
IES PASEO DAS PONTES	ACORUÑA	JOSÉ LUIS PEREIRA ROMERO	VP	FINLANDIA	4-5-2008	11-5-2008	7	6	65,51 €	114,79 €	1.147,31 €	600,00 € 1.747,31 €
IES PASEO DAS PONTES	A CORUÑA	ROBERTO BERMEJO GONZÁLEZ	VP	NORUEGA	4-5-2008	10-5-2008	6	5	80,54 €	132,82 €	1.147,34 €	770,00 € 1.917,34 €
IES A CARBALLEIRA	OURENSE	JOSÉ FELIPE IGLESIAS CAÑEDO	VP	ITALIA	24-4-2008	1-5-2008	7	6	63,11 €	131,02 €	1.227,89 €	770,00 € 1.997,89 €
IES FRAGA DO EUME	PONTEDEUME	XOAN GARCÍA RODRÍGUEZ	VP	REINO UNIDO	2-6-2008	8-6-2008	6	5	82,94 €	156,86 €	1.281,94 €	500,00 € 1.781,94 €
CIFP CARLOS OROZA	PONTEVEDRA	FRANCISCO ORGE LORENZO	VP	PORTUGAL	19-5-2008	25-5-2008	6	5	43,87 €	97,36 €	750,02 €	565,00 € 1.315,02 €
IES CHAN DO MONTE	MARÍN	YOLANDA GARCÍA ULLA	VP	IRLANDA	11-5-2008	18-5-2008	7	6	48,08 €	93,16 €	895,52 €	610,00 € 1.505,52 €
IES COROSO	RIBEIRA	J. LUIS LOMBA GONZÁLEZ	VP	ITALIA	19-5-2008	23-5-2008	4	3	63,11 €	131,02 €	645,50 €	600,00 € 1.245,50 €
ESCOLA DE ARTE ANTONIO FAILDE	OURENSE	MANUEL SEOANE FEIJOO	VP	CANADÁ	15-9-2008	23-9-2008	7	6	51,69 €	94,36 €	927,99 €	1.300,00 € 2.227,99 €
IES ARMANDO COTARELO V	V. DE AROUSA	LUCILA LOUZAO RODRÍGUEZ	VP	REINO UNIDO	29-9-2008	3-10-2008	4	3	82,94 €	156,86 €	802,34 €	500,00 € 1.302,34 €
IES PASEO DAS PONTES	A CORUÑA	JOAQUINA FRETES MONTERO	VP	FRANCIA	6-9-2008	13-9-2008	7	6	65,51 €	122,61 €	1.194,23 €	500,00 € 1.694,23 €
IES PASEO DAS PONTES	A CORUÑA	SANTIAGO RODILLA LABRADOR	VP	FINLANDIA	6-9-2008	13-9-2008	7	6	65,51 €	114,79 €	1.147,31 €	600,00 € 1.747,31 €
CIFP FENE	FENE	JOSÉ LUIS SOUTO OTERO	VP	ITALIA	26-6-2008	2-7-2008	6	5	63,11 €	131,02 €	1.033,76 €	440,00 € 1.473,76 €
IES URBANO LUGRÍS	A CORUÑA	JOSÉ MANUEL SANTOS MARIÑO	VP	FORA DE PRAZO			0	0	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 € 0,00 €

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 30 de maio de 2008 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións correspondentes a accións de comunicación e divulgación científica e tecnolóxica (Diverciencia) no marco do Programa de comunicación e sensibilización social (CSS) do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (Incite), e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

A Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, no seu artigo 1º, establece, como obxectivo xeral, o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo, a citada lei, no seu capítulo II, crea o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica. O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 21 de setembro de 2006 aprobou o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2006-2010 (Incite).

A devandita lei sinala que o plan estará integrado por programas horizontais, xerais e sectoriais. Entre os programas horizontais definidos no Incite, o de comunicación e sensibilización social, no cal se inclúe Diverciencia, ten o propósito de fomentar unha cultura do coñecemento da ciencia e a tecnoloxía que posibilita que o conxunto da sociedade teña unha mellor percepción das actividades de I+D+I e dos resultados que delas derivan. Así mesmo, debe promover a sensibilización social que faga posible un maior recoñecemento das actividades de I+D+I e dos seus resultados na sociedade. Neste contexto, as

actividades de comunicación e divulgación da ciencia que promovan especialmente a participación de colectivos aos cales a ciencia non chega habitualmente, en particular aqueles máis afastados do ámbito da ciencia e da tecnoloxía, ademais dos nenos e os mozos, son elementos centrais deste programa; así como a concienciación da importancia do potencial das mulleres no eido da investigación e das medidas de igualdade que cómpre implantar. Valoraranse aquelas actividades que introduzan medidas para facilitar a participación deses colectivos, por exemplo a realización das actividades en horario non laboral.

Entre os obxectivos específicos do programa CSS, e en concreto os de Diverciencia, están os seguintes:

- Concienciar o conxunto da sociedade galega sobre a importancia da I+D+I no desenvolvemento económico e benestar social de Galicia, fomentando a cultura científica.

- Facer da sociedade galega unha sociedade ben informada no ámbito da ciencia e da tecnoloxía.

- Promover un maior recoñecemento social das actividades de investigación, desenvolvemento e innovación.

- Impulsar o espírito científico e emprendedor e as profesións de científicos e tecnólogos entre as mulleres e os mozos.

- Achegar a todos os niveis da sociedade as actividades de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica executadas e promovidas en Galicia, as actuacións da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e todas as accións que se poñan en marcha no ámbito do Plan galego de I+D+I 2006-2010 (Incite).

-Promover a participación dos cidadáns nas actividades de ciencia e tecnoloxía a través de asociacións.

-Celebrar a Semana da ciencia en Galicia que, nesta edición, se realizará o día 10 ao 23 de novembro de 2008 centrada no Ano internacional do planeta Terra. O Programa de comunicación e sensibilización social leva coordinando no ámbito galego este evento de dimensión europea desde 2001. A Semana da ciencia ten por misión mostrarlles aos cidadáns como a ciencia inflúe nas súas vidas a través de actividades de carácter divulgativo, lúdico e participativo. As actividades presentadas a esta convocatoria no marco da Semana da ciencia non teñen por que centrarse na realización do Ano internacional do planeta Terra. Calquera temática científica será admitida.

Para conseguir os obxectivos indicados, o Programa de comunicación e sensibilización social pretende dotar a Galicia dun conxunto de instrumentos e iniciativas, como é o caso de Diverciencia, que posibiliten unha acción continuada de sensibilización social acerca da importancia que a ciencia e a tecnoloxía teñen para as sociedades avanzadas.

Polo que antecede, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria co fin de pór en marcha os instrumentos previstos no Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2006-2010 (Incite) para a execución de accións de comunicación e divulgación científica e tecnolóxica (Diverciencia-IN842A) no marco do Programa de comunicación e sensibilización social, entre as que se atopan as realizadas no marco da Semana da ciencia 2008, que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2008.

Artigo 2º.-Solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada aos modelos normalizados que figuran nos anexos II e III desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 4 das bases reguladoras.

2. As solicitudes axustaranse aos seguintes requisitos:

a) Os formularios da solicitude de axuda deberaos obter, cubrir, validar e imprimir necesariamente o solicitante a través da aplicación dispoñible no enderezo da internet <http://www.conselleriaiei.org> (sección de axudas). Tamén se pode acceder desde o

enderezo <http://www.xunta.es> da Xunta de Galicia, e neste mesmo sitio web facendo uso do Rexistro Telemático e do enlace dispoñible co procedemento IN842A.

b) Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes. Poderanse cubrir e obter os formularios até as 24 horas do día anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

c) En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención dos formularios, poderán dirixirse á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a través do teléfono 981 95 73 98, do número de fax 981 54 10 39 ou do enderezo de correo electrónico info.diverciencia@plan-incite.eu, que adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación por escrito das solicitudes.

Os anexos desta convocatoria publícanse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) exclusivamente para efectos informativos, sendo necesario empregar a aplicación informática indicada para a obtención dos formularios de solicitude.

Artigo 3º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

a) As solicitudes, xunto coa documentación, presentaranse no rexistro da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, da Xunta de Galicia, sita na rúa Feáns, nº 7 baixo C, CP 15706 Santiago de Compostela, ou nos restantes rexistros de calquera outro órgano, que pertenza á Administración xeral do Estado, ás comunidades autónomas, ou ás entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación desta orde. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 4º.-Prazo de duración do procedemento de concesión.

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a seis meses.

Artigo 5º.-Información aos interesados.

1. Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN842A, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web da Consellería de Innovación e Industria (<http://www.conselleriaiei.org/>) e da Dirección Xeral de I+D+I (<http://www.conselleriaiei.org/dxidi/>), en ambos casos na epígrafe Axudas.

b) O teléfono 981 95 73 98 da devandita dirección xeral.

c) O enderezo electrónico: info.diverciencia@plan-incite.eu.

d) Presencialmente.

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Consellería de Innovación e Industria, que é o 981 54 43 41.

Disposicións derradeiras**Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.**

Facúltase o director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO I**Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a accións de comunicación e divulgación científica e tecnolóxica****Artigo 1º.-Obxecto e réxime das subvencións.**

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto promover o desenvolvemento de actividades de comunicación e divulgación científica e tecnolóxica que contribúan a fomentar unha cultura do coñecemento da ciencia e a tecnoloxía que posibilibite que o conxunto da sociedade teña unha mellor percepción das actividades de I+D+I e da repercusión dos seus resultados na sociedade. As actividades realizadas no marco desta convocatoria poderán optar a encadrarse na realización da Semana da ciencia, que terá lugar do 10 ao 23 de novembro de 2008.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

3. En concreto, considéranse actuacións subvencionables as accións de comunicación e divulgación que traten temas de contido científico, sempre que estas sexan efectivamente realizadas e pagadas desde o 1 de xaneiro de 2008 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 17, e cumpran cos seguintes requisitos:

a) Que se poidan inserir nalgúns dos obxectivos do Programa de comunicación e sensibilización social recollidos nesta convocatoria.

b) Estar dirixidas a un público non especializado e non habitual nas actividades relacionadas coa ciencia e tecnoloxía (ademais do público ao cal dirixe a entidade solicitante as súas actividades).

c) Ter carácter aberto e gratuíto.

d) Contar cun plan de difusión e comunicación. As entidades beneficiarias deberán difundir as actividades a través de accións de publicidade adecuadas ao público a que van dirixidas.

e) Empregar a lingua galega tanto no desenvolvemento da actividade como nos contidos de todo o material impreso, audiovisual ou electrónico que se produza.

f) As actividades deberán ser innovadoras, ter carácter lúdico e participativo.

g) As actividades propostas non poden formar parte da programación habitual de actividades da entidade solicitante.

4. Quedan expresamente excluídas do ámbito de aplicación desta orde as seguintes actuacións: conferencias, xornadas de portas abertas e todas aquelas actuacións dirixidas a un público especializado.

Artigo 2º.-Financiamento e concorrencia.

1. As subvencións imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro, nas cales existe crédito axeitado e suficiente no orzamento da Comunidade Autónoma para o ano 2008, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios do artigo 9.

Anexo	Tipo de axuda	Crédito	
		Aplicación orzamentaria	Anualidade 2008
I	Diverciencia	10.02.561A.439.0	25.000
		10.02.561A.440.0	25.000
		10.02.561A.445.0	7.000
		10.02.561A.443.2	100.000
		10.02.561A.480.1	191.000
		10.02.561B.444.0	300.000

2. As axudas previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das que poida conceder esta consellería para o mesmo fin. Polo demais, estas axudas serán compatibles con calquera outra destinada ao mesmo fin, calquera que sexa a súa

natureza e a entidade que a conceda, sempre que conxuntamente non superen o custo total da actividade.

3. No caso de que a comisión de selección propoña o financiamento de solicitudes correspondentes a centros de investigación dependentes da Xunta de Galicia, unha vez ordenadas por orde de prioridade decrecente, a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación estudará o seu financiamento, de acordo coas súas disponibilidades orzamentarias. De ser o caso, procederá a realizar unha retención de crédito na aplicación orzamentaria correspondente da devandita Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación coa finalidade de que a consellería correspondente poida levar a cabo a oportuna ampliación de crédito do seu orzamento para realizar a execución das actividades de comunicación e divulgación.

4. As actividades obxecto de subvención serán financiadas nunha porcentaxe única que determine a Comisión de Valoración e que poderá chegar ata o 100%, en función das disponibilidades orzamentarias e sempre que en función do réxime xurídico da entidade solicitante a normativa aplicable permita subvencionar a devandita porcentaxe.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

Poderá ser beneficiario das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, toda entidade pública ou privada con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro da Comunidade Autónoma de Galicia que, dentro dos fins e obxectivos recollidos nos seus estatutos ou documentos fundacionais, teña competencias relacionadas coa investigación científica, o desenvolvemento tecnolóxico, a difusión e a divulgación da cultura científica, e así mesmo, teña capacidade demostrada para o desenvolvemento das anteriores actividades.

En todo caso debe pertencer a algunha das seguintes tipoloxías:

a) Universidades do Sistema Universitario de Galicia.

b) Organismos públicos de investigación da Comunidade Autónoma ou da Administración xeral do Estado.

c) Centros tecnolóxicos recoñecidos pola Dirección Xeral de I+D+I.

d) Agrupacións sen ánimo de lucro.

e) Calquera outro organismo dependente da Comunidade Autónoma ou da Administración xeral do Estado, ou entidade dependente destas, que desenvolva actividades de investigación.

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión da subvención presentaranse na forma e prazo que se indica na convocatoria.

2. Xunto coas solicitudes deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Declaracións, estas declaracións pódense cubrir directamente xunto co anexo II:

i. Declaración xurada do solicitante de todas as solicitudes efectuadas e concedidas para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes ou polos seus organismos ou sociedades.

ii. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da axuda recollidas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración deberá ser asinada polo organismo ou entidade a través do cal se presente a solicitude.

iii. Declaración opcional do solicitante do compromiso de utilización da lingua galega nas relacións coa Administración á cal solicita axuda.

iv. No caso de optar por incluír as actividades na Semana da ciencia 2008: declaración xurada do solicitante en que se compromete a trasladar a información sobre a actividade requirida pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación nas datas fixadas pola devandita dirección xeral así como a distribuír o material de comunicación (cartelaría, *merchandising*, etc) e a empregar nas súas accións de promoción das actividades os logotipos da Semana da ciencia que lles serán facilitados pola dirección xeral. O obxectivo deste requirimento é facer posible a coordinación das actividades da Semana da ciencia pola devandita Dirección Xeral.

b) No caso de agrupacións sen ánimo de lucro xuntarase copia da escritura pública de constitución e dos estatutos da asociación ou entidade que formula a solicitude.

c) No caso de que no desenvolvemento da actividade proposta participen varias entidades, aquelas entidades que colaboren coa entidade líder deberán achegar unha carta de compromiso de participación conforme o modelo presentado no anexo V.

d) Nas solicitudes de axudas que procedan de persoal pertencente a centros sanitarios que xestionen as actividades a que fai referencia esta convocatoria a través de fundacións de interese galego (Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego), o Sergas deberá dar o seu visto e praxe á solicitude e autorizar a correspondente fundación sanitaria de interese galego para que xestione a subvención. Pola súa banda, o/a representante legal da fundación deberá asinar a aceptación da

devandita xestión conforme o modelo presentado no anexo VI.

Artigo 5º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante para que o órgano xestor obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos, polo que queda liberado o solicitante de achegar a correspondente certificación. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación correspondente.

Igualmente, de conformidade co mesmo artigo, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa consta en poder da Administración, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a ela. Para estes efectos, identificarase o procedemento administrativo para o que foi presentada, e sempre e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que se refire.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

Artigo 6º.-*Órganos competentes.*

A Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención; correspóndelle ao conselleiro de Innovación e Industria ditar a resolución de concesión.

Artigo 7º.-*Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase o interesado mediante anuncio publicado na páxina web da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (<http://www.conselleriaiei.org/dxidi/>), para que nun prazo de dez días hábiles emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, terase por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 5º.1 resulta que o solicitante non se atopa ao corrente de pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria seranlles remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 8º.-*Comisión de valoración.*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte :

a) Presidente: un/unha subdirector/a xeral da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación ou persoa en quen delegue.

b) Secretario: un funcionario ou funcionaria da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, con voz pero sen voto.

c) Vogais: cinco vogais designados polo director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación entre expertos no ámbito da divulgación da ciencia e dos cales un deles será o xestor do Programa de comunicación e sensibilización social.

3. A Comisión poderá contar co asesoramento de avaliadores ou expertos externos.

4. A Comisión de Valoración deberá emitir un informe en que figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, figurará o custo total da actividade para a cal se demandou a subvención, que será corrixido pola comisión se se considera necesario, e o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

5. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidos ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 9º.-Criterios de valoración.

A valoración das solicitudes farase en dúas fases:

Primeira.-Valoración dos requisitos establecidos no artigo 1º.3 do anexo I. As actividades que non cumpran estes requisitos non pasarán á seguinte fase de valoración.

Segunda.-Valoración das propostas. Realizarase sobre unha valoración total de 100 puntos, tendo en conta os seguintes criterios:

1. Proposta (máximo 55 puntos). Os elementos que determinan a súa avaliación son:

a) Interese e relevancia da actividade proposta en relación cos obxectivos da convocatoria (máximo 10 puntos).

b) Innovación, oportunidade e orixinalidade da actividade proposta ou presentación de melloras significativas con respecto a edicións anteriores (máximo 7 puntos).

c) Plan de traballo: contido da actividade e descrición axustada da planificación das fases de traballo e da súa duración. Valorarase a presentación dun organigrama, un cronograma e un plan de xestión dos recursos (máximo 5 puntos).

d) Viabilidade e capacidade científica da entidade solicitante para levar a cabo a actividade proposta. Valorarase a colaboración na xestión e desenvolvemento da actividade entre entidades vinculadas á ciencia ou á divulgación científica, e agrupacións sen ánimo de lucro que non teñan fins relacionados

coa ciencia e que representen a persoas sen relación con esta, co obxectivo de achegar a ciencia a colectivos sociais tradicionalmente afastados dela (máximo 7 puntos).

e) Implicación do público. Valorarase a introdución de medidas orientadas a facilitar a participación activa do público asistente (máximo 7 puntos).

f) Plan de difusión: coherencia e planificación dos medios para dar a coñecer a actividade proposta entre o público obxectivo (máximo 7 puntos).

g) Impacto previsible da actividade proposta: dimensión xeográfica e número de persoas a quen vai dirixida. Valorarase a realización das actividades en horario non laboral (máximo 7 puntos).

h) Aplicación do principio de igualdade de xénero. Valorarase a aplicación de medidas que promovan a igualdade de xénero a todos os niveis da actividade proposta (máximo 5 puntos).

2. Experiencia previa e equipo de traballo (máximo 20 puntos). Os elementos que determinan a súa avaliación son:

a) Experiencia previa na xestión e execución de actividades de divulgación científica tanto da entidade solicitante como da persoa responsable do equipo de traballo (máximo 10 puntos).

b) Idoneidade da entidade e do equipo de traballo para levar a cabo a actividade proposta. No caso de proxectos en colaboración, describir as relacións que se van establecer entre as entidades participantes (máximo 5 puntos).

c) Adecuación do plan de traballo ao tamaño e capacidade técnica do equipo. Valorarase que o equipo presente unha estrutura organizativa clara (máximo 5 puntos).

3. Orzamento (máximo 23 puntos). Os elementos que determinan a súa avaliación son:

a) Adecuación do orzamento á actividade proposta e xustificación deste de acordo coas necesidades da acción presentada. Valorarase que o orzamento sexa razoable, adecuado, axustado ao tamaño da actividade proposta e de execución auditable (máximo 14 puntos).

b) Achegas da entidade beneficiaria ou doutras entidades. Valoraranse as achegas económicas e os recursos humanos e materiais propios achegados ao desenvolvemento da actividade proposta (cofinanciamento) (máximo 9 puntos).

4. O compromiso de utilización da lingua galega nas relacións coa Administración pública á cal se solicita a subvención. Este compromiso acreditarase mediante a presentación da correspondente declaración xurada incluída no anexo II (2 puntos).

Artigo 10º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poráselle de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o número anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 11º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instructor elevaralle a proposta de resolución ao conselleiro.

2. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a relación de solicitantes aos cales se lles concede a subvención, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como o importe da subvención concedida; fará constar, se é o caso, de maneira expresa, a desestimación do resto de solicitudes.

3. O prazo máximo para resolver e notificarlle a resolución ao interesado será de seis meses contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º.b) da indicada lei, poderase substituír a notificación individual de concesión da axuda pola publicación no *Diario Oficial de Galicia*, con indicación neste caso da data da convocatoria, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade da subvención outorgada.

Artigo 12º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación

da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Poderase acordar a modificación da resolución da concesión por instancia do interesado, sempre que este presente solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación e se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación da proposta estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos ou circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

3. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Innovación e Industria logo da instrución do correspondente expediente en que se lle dará audiencia ao interesado.

Artigo 14º.-*Aceptación e renuncia.*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, transcorridos quince días naturais desde a notificación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que figura como anexo IV ou por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 15º.-Obrigas dos beneficiarios.

Os beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta orde quedan obrigados a:

1. Facer referencia en todas as accións de publicidade (agás as realizadas antes da publicación da convocatoria) en calquera medio de difusión (impreso, audiovisual ou electrónico) á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación como entidade financiadora e incluír o logotipo do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2006-2010 (Incite), que deberá aparecer xunto co da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación en calquera dos soportes empregados.

2. Comunicarlle á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, no momento en que sexan beneficiarios de calquera axuda concedida para o mesmo fin, o seu importe e duración. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da axuda.

3. Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

4. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Artigo 16º.-Gastos subvencionables.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data límite de xustificación.

En xeral, as axudas solicitadas deberán referirse a algún dos conceptos seguintes:

a) Persoal contratado, dedicado exclusivamente á acción obxecto da axuda.

b) Persoal propio, sempre e cando se xustifiquen adecuadamente as horas dedicadas á actividade obxecto da axuda.

c) Material funxible, exclusiva e permanentemente dedicado á acción obxecto da axuda.

d) Aluguer de equipos e aparellos (proxectores, ordenadores, etc.) na medida e no tempo que se destinen á realización da acción para a que se solicita a axuda.

e) Material inventariable. Sempre e cando se xustifique adecuadamente a súa necesidade para a realización da actividade e a Comisión de Avaliación estime oportuna a súa inclusión. Unicamente se subvencionará o importe proporcional á duración da actividade tendo en conta a obriga de destino míni-

ma que establece o artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de adquisición de material inventariable ou prestación de servizos tecnolóxicos por empresas de consultoría ou asistencia técnica por importe superior a 12.000 euros, de acordo co establecido no artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberán achegarse tres ofertas de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención.

f) Outros gastos derivados da execución da acción, estes gastos non poderán superar o 5% do custo total da actividade e estarán exentos de xustificación.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a asociación ou entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollido ao réxime de exención do IVE.

Os gastos deberán realizarse entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de outubro de 2008, agás para as actividades enmarcadas na Semana da ciencia 2008, que poderán realizar gastos até o 25 de novembro de 2008.

Artigo 17º.-Xustificación da subvención.

1. Para a xustificación dos gastos deberá presentarse a seguinte documentación nos lugares sinalados no artigo 3 da convocatoria.

a) Memoria das actividades realizadas, incluíndo copia do material impreso e audiovisual, comunicacións, publicidade ou calquera outro material elaborado

b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

-Unha relación dos gastos realizados, coa identificación do acredor e do documento, o seu importe co IVE separado, data de emisión e data de pagamento.

-Orixinal ou copia compulsada das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se correspondan coa relación a que fai referencia o parágrafo anterior e da documentación acreditativa do pagamento (considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data límite de xustificación).

-No caso de adquisición de material inventariable ou prestación de servizos tecnolóxicos por empresas de consultoría ou asistencia técnica por importe superior a 12.000 euros, deberán achegarse as tres ofertas de diferentes provedores. Será necesaria unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Non obstante, cando o solicitante pertenza a algunha universidade galega, centro tecnolóxico de carácter público ou centro de investigación público non dependente da Xunta de Galicia, a xustificación consistirá nunha certificación expresiva da realización dos gastos correspondentes á subvención outorgada emitida polo órgano competente.

c) Declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas. Achegarse declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

d) No caso de institucións sen ánimo de lucro presentarán, no caso de que non o fixesen no momento da presentación da solicitude, copia cotexada da escritura pública de constitución e dos estatutos da asociación ou entidade que formula a solicitude.

e) Certificación expedida pola entidade bancaria en que se sinale o número de conta do beneficiario onde se deba realizar o pagamento.

2. Data límite de xustificación.

A data límite de xustificación será o 31 de outubro de 2008, agás para aquelas actividades enmarcadas dentro da Semana da ciencia 2008, cuxa data límite de xustificación será o 25 de novembro de 2008.

Transcorridos os prazos indicados sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso, o conselleiro ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 18º.-*Pagamento.*

Unha vez realizada a xustificación, procederase ao pagamento das axudas aos beneficiarios.

Sen prexuízo do anterior os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán solicitar as aclaracións ou informes que estimen oportunos para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

Artigo 19º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na restante normativa aplicable, así como das condicións que,

de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior tramitárase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV, infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20º.-*Control.*

1. A Consellería de Innovación e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das actividades subvencionadas.

2. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas ás funcións de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III, do control financeiro de subvencións, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións da Galicia.

Artigo 21º.-*Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Innovación e Industria.

Artigo 22º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases estarase suxeito ao previsto no Marco comunitario sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2006/C 323/01), na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións da Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e no resto de normativa que resulte de aplicación.



ANEXO II

XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
 E INDUSTRIA**
 Dirección Xeral de Investigación,
 Desenvolvemento e Innovación

PROGRAMA DE COMUNICACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

ANO 2008

MODELO CSS-01

PROCEDIMENTO SUBVENCIONES CORRESPONDENTES A ACCIONES DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓGICA (DUECENCIA)	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IN824	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	NOME	DOCUMENTO DE IDENTIDADE TIPO	NÚMERO
DATA DE NACIMIENTO	SEXO ☐ HOME ☐ MUJER	PAIS	ENDEZIZO	
LOCALIDADE	PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS DA ENTIDADE Á CAL REPRESENTA O/A SOLICITANTE

NOME DA ENTIDADE	TIPO DE ENTIDADE	DEPARTAMENTO	ABRÓNOMASE OBRAS	CIF
LOCALIDADE	PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		

VISTO E PRACE DA ENTIDADE

UNIDADE	SINATURA E SELLO DA ENTIDADE
CARGO	
ENTIDADE	

LEGISLACIÓN APLICABLE
Orde do 30 de maio de 2008 pola que se establece as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes a accións de comunicación e difusión científica e tecnolóxica (DUECENCIA) no marco do Programa de comunicación e sensibilización social (CNS) do Plan galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Iniciativa Científica e Social), e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

SINATURA DO/A SOLICITANTE

En _____, _____ de _____ de 2008

Conseiller de Innovación e Industria
 Rúa dos Feitos, 74 Local C-15706 Santiago de Compostela

DECLARACIÓN RESPONSABLES

A/o solicitante DECLARA (simular con X onde proceda):

☐ Que lle presta expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 2/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xuño, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a conta e a súa finalidade, no xunto que determine o órgano competente.

☐ Que non solicitou e non se lle concederon axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.

☐ Que solicitou e se lle concederon (ou se está pendente de resolución de concesión) axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas, como se indica a seguir:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA Á QUE FOI SOLICITADA A AXUDA	SOLICITUDE	DATA DE CONCESIÓN	IMPORTE

En caso de estar pendente a resolución da propia solicitude, indícase o FENECENTE entre colunas. No caso de estar pendente a resolución da propia solicitude, indícase o FENECENTE entre colunas.

☐ Non estar incursado en ningunha das prohibicións para a obtención da axuda recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

☐ No caso de actividades inscritas na Semana da ciencia, a entidade comprométese a trasladar toda a información sobre a actividade requirida pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación nas datas fixadas pola devandita Dirección Xeral, así como a distribuír o material de comunicación (cartelaria, merchandising, etc) e a empregar nas súas accións de promoción das actividades os logotipos da Semana da ciencia que lles serán facilitados pola Dirección Xeral. O obxectivo deste requirimento é facer posible a coordinación das actividades da Semana da ciencia pola devandita Dirección Xeral.

☐ Que se compromete a utilizar a lingua galega en todas as relacións coa Administración á cal solicita a axuda de acordo co establecido no parágrafo 1) do artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

Conforme o establecido na letra f) do artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común no artigo 28.3º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, coa solicitude ten a posibilidade de non achegar aqueles documentos excedidos pol esta convocatoria que xa estean en poder da Administración actuante, sempre que non teñan transcurrido cinco anos desde a súa presentación.

DATA DE PRESENTACIÓN	ÓRGANO OU DEPENDENCIA EN QUE SE PRESENTARON
CONVOCATORIA Á CAL FORON PRESENTADOS	

LEGISLACIÓN APLICABLE

Orde do 30 de maio de 2008 pola que se establece as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes a accións de comunicación e difusión científica e tecnolóxica (DUECENCIA) no marco do Programa de comunicación e sensibilización social (CNS) do Plan galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Iniciativa Científica e Social), e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

SINATURA DO/A SOLICITANTE

En _____, _____ a _____ de _____ de 2008

DATOS DA ACTIVIDADE

TÍTULO	
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE (MÁXIMO 500 CARACTERES)	
TIPO DE ACTIVIDADE ☐ Feira, exposición científica, etc. ☐ Excursión, visita guiada, etc. ☐ Outros:	
DATA DE INICIO	DATA DE FIN
RESCAR ESTE RECADRO SE OPTA POR INCLUIR A ACTIVIDADE NO MÓDULO DA SEMANA DA CIENCIA 2008	

OUTRAS ENTIDADES PARTICIPANTES NA REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE*

NOME DA ENTIDADE	TIPO DE ENTIDADE	DEPARTAMENTO	ACRÓNIMO (SE O TEN)	CIF
LOCALIDADE	PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS DO(A) REPRESENTANTE DA ENTIDADE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DOCUMENTO DE IDENTIDADE TIPO	NÚMERO
------------------	-----------------	------	------------------------------	--------

* Cada entidade colaboradora na realización da actividade debe achegar unha carta de compromiso conforme ao modelo presentado no anexo V.

NOME DA ENTIDADE	TIPO DE ENTIDADE	DEPARTAMENTO	ACRÓNIMO (SE O TEN)	CIF
LOCALIDADE	PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS DO(A) REPRESENTANTE DA ENTIDADE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DOCUMENTO DE IDENTIDADE TIPO	NÚMERO
------------------	-----------------	------	------------------------------	--------

* Incorporar tantas táboas como entidades colaboradoras participen.

DATOS DO EQUIPO

RESPONSABLE DO EQUIPO

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DOCUMENTO DE IDENTIDADE TIPO	NÚMERO
DATA DE NACEMENTO	SEXO	☐ HOME ☐ MULLER	TITULACIÓN ACADÉMICA	

OUTROS MEMBROS DO EQUIPO

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DOCUMENTO DE IDENTIDADE TIPO	NÚMERO
DATA DE NACEMENTO	SEXO	☐ HOME ☐ MULLER	TITULACIÓN ACADÉMICA	

OUTROS MEMBROS DO EQUIPO

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DOCUMENTO DE IDENTIDADE TIPO	NÚMERO
DATA DE NACEMENTO	SEXO	☐ HOME ☐ MULLER	TITULACIÓN ACADÉMICA	

OUTROS MEMBROS DO EQUIPO

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DOCUMENTO DE IDENTIDADE TIPO	NÚMERO
DATA DE NACEMENTO	SEXO	☐ HOME ☐ MULLER	TITULACIÓN ACADÉMICA	

OUTROS MEMBROS DO EQUIPO*

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DOCUMENTO DE IDENTIDADE TIPO	NÚMERO
DATA DE NACEMENTO	SEXO	☐ HOME ☐ MULLER	TITULACIÓN ACADÉMICA	

*Introducir os cadros necesarios para cada unha das persoas que compoñen o equipo.


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación

in.cite
 Innovación, Ciencia e Tecnoloxía

ANEXO III

MEMORIA ECONOMICA DA ACTIVIDADE

Nesta memória deve introduzir os elementos necessários que se indicam nos critérios de valoracion. Tinha em conta que o orçamento se deve adequar à actividade proposta e que terá que ser justificado de acordo coas necessidades da acção apresentada. Valorar-se-á que o orçamento seça razoável, adequado, ajustado ao tamanho da actividade proposta e de execução audível. Também serão valoradas positivamente as melhorias económicas e os recursos humanos e materiais próprios da entidade, ou entidades, abrangidas ao desenvolver o evento da actividade proposta.

CONCEPTOS			ORGANIZACION AO PROYECTO		ORGANIZACION AO PROYECTO		ORGANIZACION AO PROYECTO	
CONCEPTO	CATEGORIA PROFESIONAL	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	
TOTAL			0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
CONCEPTOS			ORGANIZACION AO PROYECTO		ORGANIZACION AO PROYECTO		ORGANIZACION AO PROYECTO	
CONCEPTO	CATEGORIA PROFESIONAL	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	
TOTAL			0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
CONCEPTOS			ORGANIZACION AO PROYECTO		ORGANIZACION AO PROYECTO		ORGANIZACION AO PROYECTO	
CONCEPTO	CATEGORIA PROFESIONAL	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	
TOTAL			0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
CONCEPTOS			ORGANIZACION AO PROYECTO		ORGANIZACION AO PROYECTO		ORGANIZACION AO PROYECTO	
CONCEPTO	CATEGORIA PROFESIONAL	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	Nº DE SERVIDORES	
TOTAL			0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	

* Quantidade correspondente à cada concepção

A Memoria da actividade non poderá superar os 25.000 caracteres e deberá incluír necesariamente as seguintes epígrafes:

1. Título da actividade.

2. Proposta.

Describe de forma clara e concisa a súa actividade destacando os elementos enunciados nos criterios de avaliación que van determinar a avaliación da súa actividade. En todo caso debe incluír:

- a) **Interese e relevancia dos obxectivos:** describa de forma clara, precisa e realista os obxectivos da súa actividade e a súa adecuación aos obxectivos da presente convocatoria.
- b) **Innovación, oportunidade e orixinalidade:** describa claramente o contido e alcance da actividade proposta, o motivo da realización e como vai introducir elementos innovadores e orixinais que presenten melloras significativas respecto a edicións anteriores.
- c) **Plan de traballo:** describa de forma clara e concisa a súa planificación, indique as fases de traballo, a súa duración e defina como vai por en marcha o seu proxecto. Valorase como positivo a presentación dun cronograma, dun organigrama e dun plan de xestión dos recursos humanos e materiais destinados á realización da actividade proposta.
- d) **Viabilidade e capacidade científica da entidade solicitante:** achegue informacións precisas sobre a viabilidade da actividade proposta e indique a capacidade científica da entidade ou entidades que van realizar a actividade. No caso de proxectos en colaboración, describa as relacións que se van establecer entre as entidades participantes.
- e) **Implicación do público:** expoña as medidas que a súa actividade incorpora para facilitar a participación activa do público asistente, con especial atención ás persoas que teñen pouca ou ningunha relación coa ciencia.
- f) **Plan de difusión:** explique con detalle cales van ser os medios para dar a coñecer a actividade proposta ao público e aos medios de comunicación.

g) Impacto previsible: entre outros elementos indique a dimensão geográfica que vai abranger a actividade proposta e o número de pessoas a quem vai dirigida. Se a realidade nas suas estimativas e tenha em conta que se valorará que as actividades se celebrem em horário não laboral.

h) Principio de igualdad de género: describe que medidas presenta o seu proxecto para aplicar o principio de igualdade entre mulleres e homes. Valorárase positivamente a existencia de equipos paritarios, a incorporación das mulleres como colectivo prioritario, así como a introdución de contidos que integren un enfoque de xénero.

3. Experiencia previa e equipo de trabajo.

Descreva de forma clara e concisa a sua actividade destacando os elementos enunciados nos critérios de avaliação que van determinar a avaliação da sua actividade. Em todo caso deve incluir:

- Experiencia previa: indique la experiencia previa en la gestión y ejecución de actividades de divulgación científica tanto da entidad solicitante como da persona responsable do equipo de trabajo.
- Idoneidade da entidade e do equipo de traballo: describa a composición do equipo de traballo e as funcións dos membros do equipo no desenvolvemento da actividade proposta.
- Adecuación do plan de traballo ao tamaño e capacidade técnica do equipo: indique as capacidades e competencias dos membros do equipo de traballo e a súa estrutura organizativa. Icha especialmente en conta o tamaño e a capacidade do equipo de traballo respecto do plan de traballo da actividade proposta.

MODELO DE COMPROMISO DE COLABORACIÓN

Título da actividade proposta:

Nome da entidade solicitante:

Entidade colaboradora:

Nome:

CIF:

Concello:

Localidade:

Rúa:

Código postal:

D/D^a con NIF nº

actuando en representación da entidade

MANIFESTA:

Que a entidade está conforme coa actividade presentada á convocatoria de subvencións correspondentes a accións de comunicación e divulgación científica e tecnolóxica (Diversificancia) para o ano 2008. Así mesmo, declaro que a entidade vai contribuir á preparación e desenvolvemento da actividade proposta conforme aos termos establecidos na memoria de actividades e na memoria económica que acompañan a solicitude feita pola entidade solicitante

En a de de 2008.

Sinatura (do/a representante legal da entidade colaboradora)

Nome:

Cargo:

Selo da entidade colaboradora

AUTORIZACIÓN DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (SERGAS) Á FUNDACIÓN SANITARIA DE INTERESE GALEGO CORRESPONDENTE

O Servizo Galego de Saúde (SERGAS) representado aquí polo/a seu/a representante legal

con NIF autoriza a fundación sanitaria de interese galego

con CIF a xestionar a subvención ao abeiro da Orde do 30 de maio de 2008 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes a accións de comunicación e divulgación científica e tecnolóxica (Diversificancia) do Programa de comunicación e sensibilización social (CSS) do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (Incite).

En a de de 2008

Visto e praza do/a representante do SERGAS:

Selo do SERGAS

O/a representante legal con NIF da fundación sanitaria de interese galego asina a aceptación da xestión da subvención:

Selo da fundación sanitaria de interese galego :